

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog:http://qdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 11 DE ABRIL DE 2011.

En Bergondo, a 11 de abril de 2011, no Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. Xoan Alvarez Llana, en representación da *Mesa do sector institucional* (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña).
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1 REFORMA DO PAVILLÓN PARA ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL. EXPTE. L10-41300-29-0052.

Con data 30 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un centro integral de alumnos con parálise cerebral nun pavillón da asociación ASPACE.

O promotor deste proxecto non productivo é a asociación sen ánimo de lucro ASPACE, ubicada na parroquia de OSEDO, no Concello de Sada e que conta na actualidade cun centro para discapacitados.

O proxecto consiste na creación dun centro integral de alumnos con parálise cerebral, mediante a remodelación dun pavillón da asociación ASPACE. O centro contará con tres áreas diferenciadas:

1.-Área educativa: creación de novas aulas e sala de comedor-estar onde se ubicarían as persoas de ata 18 anos de idade. Se implantaría unha área educativa específica para persoas menores de 18 anos tendo en conta as circunstancias particulares que se dan entre os diferentes rangos de idade (na actualidade non existe unha educación diferenciada por idades, polo que a calidade formativa dos usuarios é menor da que se debería esperar).

2.-Área asistencial: Se implanta este novo servizo coa instalación dunha sala de enfermería unha sala sensorial e atención personalizada de logopedia e psicopedagogía, así como áreas de novas tecnoloxías, fisioterapia, dirección e patio cuberto.

3.-Área organizativa: creación dun despacho de dirección, sala de profesores, recepción e control.

Tamén se vai a dotar o centro dun aula para o ensino das novas tecnoloxías, aula de logopedia, fisioterapia e aula multisensorial que permite ó centro ofrecer novos servizos.

Os investimentos deste proxecto comprende a obra civil para adaptación do centro e ascenden a 950.833,73.-€ (IVE incluído).

O promotor do proxecto non adquire o compromiso de creación de emprego, aínda que con este proxecto se vai xerar un emprego. Esta iniciativa encaixa na medida 413 e no apartado IV Servizos para a economía e a poboación rural (servizos de benestar social):

A innovación deste proxecto é que vai ofrecer novos servizos para que as persoas con parálise cerebral poidan mellorar a súa recuperación e deste xeito a súa calidade de vida. Non existe na provincia da Coruña ningunha entidade pública ou privada que preste servizos e tratamentos de atención integral a persoas con parálise cerebral.

Con data 29 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 55 puntos, correspondéndolle un 59,15% de axuda, resultando un importe de 250.000.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 799.019,97.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que vanse a ofrecer novos servizos no territorio a persoas con parálises cerebral, contribuíndo a mellorar a calidade de vida destas persoas e por outra banda, en que non existe en toda a provincia da Coruña ningunha entidade que preste estes servizos, de aí o seu carácter innovador. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.1.2.AMPLIACIÓN EMPRESA FORESTAL EN ASPRA (TABEAIO – CARRAL). EXPTE.L10-41300-29-0064.

Con data 05 de outubro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para ampliar unha empresa forestal en Aspra (Carral). O promotor do proxecto, Andrés Seoane, é unha persoa física que conta na actualidade cun serradoiro en Carral que se veu lixeiramente afectado pola crise actual da construción.

Por este motivo, o promotor pretende levar a cabo novas actividades que diversifiquen rendas como a realización de tarefas de limpeza nas marxes dos ríos, ademais de desbroce de montes. Na actualidade non conta coa maquinaria necesaria. O proxecto consiste na adquisición dun tractor-grúa con remolque que lle permita facer estas novas tarefas de limpeza nas marxes dos ríos, ademais de mellorar a eficiencia no desbroce de montes.

Este proxecto contribúe á consolidación do emprego do propio promotor e do persoal xa existente na empresa no ano 2009 (1 persoa con contrato indefinido e 1 persoa con contrato de aprendizaxe). O promotor adquire o compromiso de consolidación dos tres empregos existentes na actualidade (o emprego do promotor e dos traballadores por conta allea), e se compromete a crear o equivalente a un posto de traballo colectivo desfavorecido.

Con data 28 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 48 puntos, correspondéndolle un 34% de axuda, resultando un importe de 11.640,68.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 34.237,29.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que contribúe a diversificar as actividades desta empresa e polo tanto a súa consolidación no territorio. Tamén acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.1.3. POSTA EN MARCHA DUN LABORATORIO DE INVESTIGACIÓN PARA A CONSERVACIÓN E CERTIFICACIÓN DA RAZA GALIÑA PIÑEIRA. EXPTE. L10-41300-29-0057

A proposta de resolución de Xunta Directiva deste expediente, foi acordada na reunión do pasado día 14 de marzo de 2011 en Rogos e Preguntas, sendo comunicada e remitida á Dirección Xeral de AGADER.

2.2. INFORME PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013

2.2.1. Restauración forestal para o fomento do uso social e recreativo no Monte Castelo (L09-41200-29-0023)

Con data 04 de novembro de 2009 ten entrada no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para a restauración forestal para uso social e recreativo no Monte Castelo, promovido pola Comunidade de Montes veciñais en man común de Castelo.

Os terreos obxecto do presente proxecto, pertencen o denominado como “Monte Xalo”, situado na parroquia de Castelo. Cualificado como monte veciñal en man común por resolución de 04 de marzo de 2004 (DOG nº69, de 12 de abril de 2004). O obxectivo principal desta iniciativa era a recuperación dun espazo degradado, dotando á parroquia de Castelo dunha zona de lecer pública.

Con data 30 de xuño de 2010 ten entrada no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos Informe Desfavorable da Área de Apoio aos GAL de AGADER, onde comunican que se procede a unha verificación desfavorable do ICE presentado, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

AGADER analizada a documentación presentada, comunica ó GDR as seguintes consideracións e observacións sobre este expediente:

“O proxecto que se presenta para a verificación do ICE descríbese como a recuperación e repoboación forestal dun terreo, realizando unha plantación con piñeiros do pais micorrizados, no Monte Castelo, para o fomento do uso social e recreativo do monte, encadrando o proxecto como de natureza non produtiva. Sen embargo, analizadas as actuacións a desenvolver, entendese que realmente este proxecto trata, en primeiro lugar, de realizar unha plantación forestal dun monte, con todos os seus elementos característicos (plantación cunha especie maderable, creación dunha devasa, creación dunha pista forestal), o que de acordo co establecido co Réxime de Axudas, na Ficha de flexibilidade I, este tipo de actuacións non so subvencionables. En segundo lugar, o feito de que se faga unha micorrización do terreo forestal non implica que o proxecto se poida cualificar como non produtivo xa que a finalidade principal da actuación non é conseguir fungos comestibles, que se converte nun aproveitamento auxiliar, senón a plantación de pinos cuxa corta convertese no verdadeiro aproveitamento. Neste senso, un proxecto de micorrización do monte sería auxiliabile como non produtivo se a inoculación dos fungos se realizase en terreos xa plantados.”

Esta resolución xa fora comunicada aos promotores, que ían adaptar o proxecto. Tamén estaban pendentes dun cambio no Consello Reitor, polo que resulta o máis lóxico pechar o expediente e abrir outro de ser preciso.

A Xunta Directiva acepta as consideracións de AGADER efectuadas a este expediente, e polo tanto, a verificación de ICE desfavorable. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

2.3. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.3.1. Investimentos no sector agrario coa posta en marcha de novas producións L11-41100-29-0096.

Con data 30 de marzo de 2011 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para a posta en marcha de novas producións no Concello de Abegondo, promovido pola sociedade civil “Frutas Geixade, S.C.” ubicada no mesmo Concello de Abegondo.

O proxecto consiste na plantación de kiwis de alta densidade, da nova variedade “Soreli”, variedade non existente en Galicia, con carne de cor amarela. Comprende tamén a implantación de invernadoiros para producir novas variedades de amorodos de duración tres anos en produción (variedades Portolas e Monterrei), de elevada precocidade e dulzor.

A innovación deste proxecto consiste na introdución de novas producións e variedades non existentes en Galicia, acompañados dun novo sistema produtivo. Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado 1º “Investimentos no sector agrario relacionadas co apoio a novas producións”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 81.137,42€ (72.108,83€ sen IVE) e consisten na adquisición da planta (kiwi), arame, postes, peche da finca, abono, montaxe dos postes, estrututas dos postes, instalación do rego e actuacións de preparación da finca.

O proxecto acadaría unha puntuación de 71 puntos o daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (32.448,97€) sobre un orzamento elixible de 72.108,83€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.3.2. Ampliación da fábrica de pensos compostos para animais L11-41100-29-0098

Con data 05 de abril de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para ampliación da fábrica de pensos compostos para animais no Concello de Paderne, promovido pola cooperativa agraria “EL PLANTEL COMARCAL DE BETANZOS S.C.G.”.

O proxecto consiste na instalación dunha nova liña de pesaxe, ensacado e paletizado semiautomática, na montaxe de novos silos de materias primas, na colocación dun elevador de piqueta máis amplo que o actual e na instalación de novas tolvas de carga de graneis.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado 3. Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais (proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios).

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 145.553-€ (123.350.-€ sen IVE) e consisten na adquisición dunha báscula, transportadores de sinfín e montaxe, silo de melaza, torre de materias primas, torre de catro celdas e elevador.

O proxecto acadaría unha puntuación de 40 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 30% (37.005.-€) sobre un orzamento elixible de 123.350.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.3.3. Implantación de lúpulo no territorio Mariñas-Betanzos.

A Sociedade “Lúpulo Tecnoloxía de Galicia Sociedade Cooperativa Galega” retoma de novo o proxecto de implantación de lúpulo.

O proxecto consiste na implantación do cultivo de lúpulo no territorio Mariñas-Betanzos de 10 hectáreas de superficie. Este proxecto encaixa dentro de dúas liñas definidas na estratexia 2.3 Investimentos para recuperación de variedades locais e tradicionais, lúpulo e 2.5 Investimentos para introdución do cultivo do lúpulo.

A innovación deste proxecto consiste na recuperación do cultivo tradicional de lúpulo, que tivo un gran arraigo en tempos anteriores.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado 1. Investimentos no sector agrario (recuperación de variedades tradicionais). Os investimentos desta iniciativa ascenden a 472.000-€ (400.000.-€ sen IVE) e consisten na adquisición da planta, instalación do rego, rollizos de madeira, alambre tractor e peladora.

O proxecto acadaría unha puntuación de 55 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,5% (150.000.-€) sobre un orzamento elixible de 400.000.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.3.4. Posta en valor de elementos do patrimonio adicados á auga en Abegondo L11-41200-29-0090.

Con data 22 de marzo de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda do Concello de Abegondo para o proxecto “Posta en valor de elementos do patrimonio adicados á auga en Abegondo.

Este proxecto non produtivo consiste na posta en valor das seguintes fontes: lavadoiro e fonte da parroquia de San Tirso de Mabegondo, lavadoiro e fonte de Beldoña, lavadoiro e fonte da parroquia de San Martiño de Orto, lavadoiro e fonte da parroquia de Santa María de Presedo, lavadoiro da parroquia de San Pedro de Vizoño, lavadoiro da parroquia de Santa María de Sarandós, lavadoiro e fonte do Misterio e fonte Urraca.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña “1.1. Recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe do territorio” e na liña “2.5. Recuperación de fontes, manciais e muíños, así como de camiños ligados ós cauces fluviais”.

O Concello adquire o compromiso de manter as augas aptas para consumo humano, coa colocación de letreiros informando desta circunstancia.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 79.898,98.-€ (67.711.-€ sen IVE) e consisten nas distintas obras de restauración das fontes. O proxecto acadaría unha puntuación de 82 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 90,63 % (61.366,48.-€) sobre un orzamento elixible de 67.711.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.3.5. Fabricación de cadros eléctricos especiais, para subministro enerxético L11-41300-29-0092.

Con data 22 de marzo de 2011 ten entrada no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda da sociedade “Aplicacións Tecnolóxicas de Cadros Eléctricos S.L.” para o proxecto “Fabricación de cadros eléctricos especiais, para subministro enerxético”.

O proxecto consiste na creación dunha empresa no Concello de Coirós que vai fabricar e montar cadros eléctricos de distribución, manobra e control, destinado a sistemas industriais, automatización, coxeneración ou telefonía entre outros usos, baixo as máis esixentes especificacións técnicas e sometidos a probas e ensaios que verificarían a súa absoluta funcionalidade e conformidade.

A innovación deste proxecto está na innovación dos produtos combinando a funcionalidade, a instalación simple e a estética, cunha importante redución de custos de produción. Vaise combinar de xeito equilibrado e xusto os conceptos técnicos, estéticos e comerciais.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 318.142,49.-€ (269.612,27.-€ sen IVE) e consisten na execución da obra civil da nave, maquinaria, mobiliario e equipamento informático.

Con esta iniciativa se crearían dous novos postos de traballo. Este proxecto produtivo entraría na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II.Creación de Pemes.

O proxecto acadaría unha puntuación de 69 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 44,5% (119.977,46.-€) sobre un orzamento elixible de 269.612,27.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.3.6. Fabricación de estruturas metálicas especiais con eixo rotacional para grandes paneis solares ou publicitarios L11-41300-29-0094.

Con data 22 de marzo de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda da sociedade “Desarrollos Mecánicos Coirós S.L.U.” para o proxecto “Fabricación de estruturas metálicas especiais con eixo rotacional para grandes paneis solares ou publicitarios” no Concello de Coirós.

O proxecto consiste na fabricación de estruturas verticais de aceiro reforzado que aloxan no seu interior un sistema xiratorio que permite eliminar a resistencia ao vento e que garante unha gran estabilidade para a súa instalación en centros comerciais, parques públicos, urbanizacións privadas, etc.

Este sistema interior caracterízase por incluír un carril circular de rodaxe que presenta unha configuración que se atopa adherida a unha estrutura vertical de aceiro, actuando como piar vertical e de sostén dunha estrutura móbil que conferíndolle un sistema de movemento circular sobre rodamentos de altas prestacións, que permitiría alixeirar a estrutura, e con iso os costes.

A innovación deste proxecto é a creación dun novo produto non existente no mercado actual.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 323.375,17.-€ (274.046,75.-€ sen IVE) e consisten na execución da obra civil da nave, maquinaria, mobiliario e equipamento informático.

Esta iniciativa de carácter produtivo encaixaría na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II. Creación de Pemes e se crearan dous novos postos de traballo.

O proxecto acadaría unha puntuación de 69 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 44,5% (121.950,80.-€) sobre un orzamento elixible de 274.046,75.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.4. SOLICITUDE DE PRÓRROGA NA EXECUCIÓN DOS PROXECTOS E REDISTRIBUCIÓN DOS FONDOS LIBERADOS DA ANUALIDADE 2011.

Con data 14 de marzo de 2011 a ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN, respecto do proxecto “L09-41300-29-0009 Ampliación refuxio de animais”, solicita un prórroga de 8 meses na execución do proxecto, xa que aínda non conta coa licenza de obra.

Con data 31 de marzo de 2011 a sociedade MUNDO EVENTOS& ENTRETENIMIENTO S.L. respecto do proxecto “L09-41300-29-0004 Creación Empresa de Xestión Integral de Turismo e Servizos de Ocio”, solicita unha prórroga de 9 meses na execución dos investimentos para obter o financiamento necesario.

Con data 24 de marzo de 2011 a sociedade ARCO DA VELLA S.R.L. respecto do proxecto “L09-41300-29-0013 Zona recreativa e de ocio natural en Martinete-Betanzos”, solicita unha prórroga de 9 meses debido a dificultade de obter o financiamento necesario das entidades bancarias.

Aínda que non se ten recibido a solicitude de prórroga da Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia (ACIVEGA) respecto do proxecto “L09-41100-29-0024 Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza galiña piñeira”, nos teñen comunicado verbalmente a solicitude dunha prórroga na execución do proxecto.

Segundo o Réxime de Axudas do Programa Leader “os promotores teñen dereito a unha prórroga coa indicación dos motivos e cunha duración no superior á metade do prazo concedido inicialmente”.

Acórdase pola Xunta Directiva a concesión das catro prórrogas. Ademais acordase que estes promotores teñen que xustificar os investimentos da anualidade 2011 antes do 31 de agosto de 2011. Se non se xustificasen neste prazo, procederíase a adxudicar estes fondos a outros proxectos para non correr o risco de perdelos.

Fondos descomprometidos coa autorización das prórrogas:

-Mundo eventos & entretenimiento S.L.: 21.472,65.-€

-Asociación protectora de animais Gatocan”: 59.481,42.-€

Total fondos liberados: 80.954,07.-€

TITULO EXPEDIENTE APROBADOS EN XUNTA DIRECTIVA SEN RESOLUCIÓN DE AGADER	PORCENTAXE DE AXUDA	PUNTUACIÓN ACADADA	IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER	IMPORTE AXUDA A COMPROMETER EN 2011	IMPORTE AXUDA A COMPROMETER EN 2012	IMPORTE AXUDA A COMPROMETER EN 2013
MODERNIZACIÓN CAMPING AGUIAR (186.586,5) nº33	39,00%	58	72.768,74	18.192,18	22.025,00	32.551,56
CREACIÓN ESTUDO FOTOGRÁFICO EN COIRÓS(17652,48) Nº 42	42,50%	65	7.502,30	7.502,30		
IMPLANTACIÓN PLATAFORMA COMUNICACIONES EN ALIMENTAC.(37,001) Nº48	27,00%	34	9.990,27	2.641,60	7.348,67	
AMPLIACIÓN EMPRESA ADICADA AO COMERCIO AO POR MAIOR(114254,19) Nº 54	38,00%	56	43.416,59	10.854,15	10.854,15	21.708,29
AMPLIACIÓN EMPRESA FORESTAL EN ASPRA (TABEAIO-CARRAL) nº 64 (34.237,29.-€)	34,00%	48	11.640,68	11.640,68		
AMPLIACIÓN CENTRO DIA CON ZONA DE INTERVENCIÓN MULTISECTORIAL EN CULLEREDO (ASPANAES). Nº 39 (228.747,19.-€)	52,15%	49	119.291,66	30.123,16	30.646,37	58.522,13 (non existencia de fondos). *Nota
TOTAL MEDIDA 413			264.610,24	80.954,07	70.874,19	112.781,98

*Nota: O proxecto de Aspanaes (expediente nº 39), recibiría a resolución de concesión coa activación parcial da axuda concedida.

A Xunta Directiva acorda que se envíe a AGADER a proposta de resolución de concesión de prórroga dos expedientes arriba sinalados, así como a proposta de redistribución.

2.5. EVOLUCIÓN DO GASTO PÚBLICO COMPROMETIDO DO PROGRAMA LEADER.

Xúntase cadro como anexo a esta acta, onde se ve a evolución do gasto comprometido.

2.6. PROPOSTA MODIFICACIÓN CRITERIOS DE BAREMACIÓN

1. ANTECEDENTES.

Na Reunión da Xunta Directiva celebrada o pasado día 10 de xaneiro de 2011, acordouse nomear unha Comisión para valorar a viabilidade de modificar os **criterios de baremación dos proxectos produtivos**.

A comisión quedou composta polas seguintes persoas:

- Representante da Mesa Sectorial de Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, Anpas: José Juan Rico Rodríguez (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva).
- Representante da Mesa Sectorial de Asociacións e Colectivos Medioambientais ou actividades na natureza: José Francisco Castro Vilariño (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- Representante da Mesa do Sector Institucional: Xosé Uxio Rey Fernández (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)

2. PROPOSTA.

As premisas das que partiu a Comisión para elaborar esta nova proposta foron as seguintes:

1. Potenciar o apoio de investimentos nos Concellos máis rurais.
2. Primar os proxectos máis innovadores.
3. Incrementar o nivel de calidade dos proxectos que encaixen en LEADER.
4. Aplicar a estratexia do GDR cos proxectos que poidan xurdir no futuro, intentando que estes se axusten a esta “estratexia”.
- 5.- Animar proxectos de pequeno orzamento e non grandes investimentos.

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN.

A Comisión propón finalmente as seguintes consideracións na táboa de criterios para a selección e priorización de proxectos:

a) PUNTO 1: UBICACIÓN XEOGRÁFICA

A Comisión propón que se revisen os indicadores do apartado 1 (ubicación xeográfica), concretamente o apartado seguinte:

1. Taxa de Paro (Actualízala con datos do ano 2010). Se collen os datos do Anuario Económico de La Caixa 2010.

B.-TAXA DE PARO. (ANUARIO ECONÓMICO 2010 LA CAIXA)	(MÁXIMO 5 PUNTOS)
1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% (Aranga, Carral, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oleiros, Paderne).	2 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 9% e inferior ao 10% (Abegondo, Oza dos Ríos, Sada)	3 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% (Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Miño)	4 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% (Arteixo).	5 (Acumulable)

Acórdase buscar a fonte oficial para poder actualizar este criterio.

b) PUNTO 3: INCIDENCIA DO EMPREGO

3.1. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,75 puntos (a puntuación máxima se acadará con 3 empregos).	21 (Acumulables)
3.2. Por cada fracción de 0,25 empregos creados en colectivos desfavorecidos outorgase unha puntuación de 1,5 puntos (mulleres, mozos menores de 40 anos, discapacitados, inmigrantes, maiores de 55 anos, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no INEM)). (a puntuación máxima se acadará con 2,5 empregos)	15 (Acumulables)

c) PUNTO 4: IMPACTO SOBRE O TERRITORIO

Impacto sobre o territorio:	25 puntos
4.1. CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO	(MÁXIMO 20 PUNTOS)
4.1.1: Proxecto transformación ou comercialización de produtos alimentarios con materias primas locais	13
4.1.2: Proxecto de servizos básicos á poboación local: saúde, educación, dependencia, etc.	13
4.1.3: Proxectos transformación produtos forestais provindes de especies autóctonas.	13
4.1.4.: Proxectos innovadores de produción primaria nos sectores tradicionais do territorio	13
4.1.5: Proxectos que inclúan agrupacións de terras ou uso dos Bancos de Terras	10
4.1.6: Proxectos que inclúan autoabastecemento enerxético (posta produción vellas prantas de luz veciñais, caldeiras leña, placas solares, biodixestores, etc.)	10
4.1.7. Outros proxectos industriais ou de servizos	10
4.1.8. Non existe a actividade económica do proxecto no Concello (Segundo I.A.E. municipal)	10
4.2. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL	(MÁXIMO 5 PUNTOS)
4.2.1. Proxectos cun fin principal de mellora ambiental (mellora da calidade medioambiental a través da posta en valor de recursos naturais endóxenos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados da zona)	5
4.2.2. Proxectos que non tendo un fin principal ambiental, inclúan investimentos destinados a melloras ambientais. Implantación de sistemas de xestión ambiental	5
4.2.3. Proxectos nos que se priorice o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético	5
4.2.4. Proxectos que conteñan implementación de sistemas de aforro de auga e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos	5

d) OTRAS PROPOSTAS

Propónse tamén para ser máis selectivos e subir a puntuación mínima dos 30 puntos actuais ata os 45.

Propónse baixar a axuda máxima a 120.000 euros por expediente produtivo.

Acórdase que a Comisión volva a revisar a proposta, co obxectivo de estimular e potenciar os investimentos nas zonas máis rurais.

3. SEGUIMIENTO DEL PLAN DE DESARROLLO SOSTENIBLE DEL MEDIO RURAL

Infórmase ós asistentes que a proposta de diferentes colectivos do GDR o equipo técnico do Programa LEADER ten remitido a AGADER 19 fichas con propostas de actuacións a incluír na zona “Rías Altas e Arco Ártabro”, cos títulos seguintes:

1. Apoio ó fomento de subscrición de contratos territoriais dos titulares de explotacións gandeiras, agrícolas, forestais ou mixtas, cos organismos autónomos correspondentes.
2. Apoio ás cooperativas e entidades agrarias do territorio co obxectivo de mellorar a produción, transformación e comercialización dos produtos ecolóxicos do ámbito territorial.
3. Prestación de servizos de asesoría e formación á rede de restaurantes con encanto que comercializan produtos locais da zona. Rutas gastronómicas.
4. Fomento da produción, transformación e comercialización das producións agroalimentarias.
5. Apoio ás novas iniciativas empresariais no ámbito da agricultura e gandería, especialmente nos mozos e mozas. Servizos de asesoramento, formación e asistencia técnica.
6. Servizos prestados ós traballadores e empresas da zona rural. Puntos de información de emprego na zona rural.
7. Asistencia técnica e elaboración de estudos dirixidos a analizar, diagnosticar, cualificar e asignar obxectivos de calidade ás paisaxes da zona rural.
8. Adecuación de sendas, itinerarios ou circuitos culturais no territorio do GDR Mariñas – Betanzos, complementando ou ampliando as rutas xa creadas de bici de montaña.
9. Restauración do Sanatorio Antituberculoso de Cesuras e a súa zona arbolada como Centro de Dinamización Rural.
10. Cesión temporal do uso de vivendas de titularidade municipal ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
11. Cursos sobre novas tecnoloxías da información e da comunicación, u outras actividades formativas orientadas a fomentar e a facilitar o acceso da poboación máis rural do ámbito do GDR.
12. Elaboración de proxectos de innovación tecnolóxica, apoiados na implantación de novas tecnoloxías da información e a comunicación, dirixidos principalmente a organizacións e/ou colectivos con dificultades de inserción. Construción de telecentros.
13. Xornadas sobre xestión eficiente e aforro da auga. Xornadas sobre saneamento seguro.

14. Elaboración de estudos, con atención preferente ós recursos hídricos do territorio e proposta dunha estratexia de adaptación do territorio ó cambio climático. Candidatura Reserva da Biosfera Mariñas – Betanzos.
15. Centro de servizos para asociacionismo rural.
16. Posta en valor do Camiño ó Santuario de San Andrés de Teixido dende o territorio de Mariñas – Betanzos.
17. Xornadas para promocionar e difundir as actividades lúdicas, de ocio, de deportes, náuticas... do territorio, que ofrecen as diferentes empresas de ocio e tempo libre. Elaboración dun libro guía de rutas e actividades do territorio do Golfo Ártabro.
18. Creación dunha ruta turística “Os Camiños Ártabros” polos municipios de Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada, Bergondo, Paderne, Miño, Pontedeume, Cabanas, Ares, Mugarbos, Fene, Neda e Narón.
19. Posta en marcha de 2 centros de BTT nos municipios de Cambre e Paderne.
20. Museo pedagóxico do Medievo en Presedo (Abegondo).

4. REUNIÓN MESAS SECTORIAIS GDR “MARIÑAS – BETANZOS”

4.1. ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA; ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS E ANPAS; E ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS XUVENÍS.

O pasado 30 de marzo tivo lugar á reunión conxunta destas tres mesas que tivo a seguinte orde do día:

1. O Programa LEADER 2007-2013
2. Seguimento do “Plan de Desarrollo Sostenible del Medio Rural”
3. Debate sobre outras propostas por parte de entidades asociadas para desenvolver proxectos en común dende as diferentes mesas sectoriais.
4. Renovación Xunta directiva G.D.R. “Mariñas – Betanzos” para o período 2011-2013
5. Rogos e preguntas.

En canto á renovación da Xunta Directiva, os asistentes acordaron que os representantes das tres mesas se manteñan como ata agora:

ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS DE VECIÑOS, CULTURAIS E ANPAS: 3

VAL DE ARANGA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA
ASOCIACIÓN O RABO DO GALO
ASOCIACIÓN CULTURAL "CULTURA ABERTA"

ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA: 1

ASOCIACIÓN CULTURAL LIBRE DE PADERNE - ROXIN ROXAL
--

ASOCIACIÓN E COLECTIVOS XUVENÍS: 1

ASOCIACIÓN XUVENTUDE E NATUREZA

Por outra banda, os asistentes propuxeron a creación dunha FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN S, acordando elaborar un borrador de Estatutos e envialos a todas as organización s asociadas ó GDR. Acordaron tamén que o representante da Asociación Roxin Roxal coordinará os pasos de creación desta Federación.

4.2. MESA DO SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA

O pasado 06 de abril tivo lugar en Abegondo a reunión da Mesa do sector forestal e da madeira, co seguinte orde do día:

1. O Programa LEADER 2007-2013
2. Seguimento do “Plan de Desarrollo Sostenible del Medio Rural”
3. Debate sobre outras propostas por parte de entidades asociadas para proxectos en común.
4. Renovación Xunta Directiva GDR Mariñas – Betanzos para o período 2011-2013
5. Rogos e preguntas.

En canto á renovación da Xunta Directiva, os asistentes acordaron que o representante da mesa se mantexa como ata agora: ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE LA INDUSTRIA DE 1ª TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE A CORUÑA

5. PROPOSTA E APROBACIÓN SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADSCRICIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE.

5.1. ASOCIACIÓN DO TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA

Con data 06 de abril de 2011 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude da ASOCIACIÓN DO TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA, entidade constituída en abril do ano 2010 e que actualmente ten 7 entidades asociadas, para adherirse como entidade asociada.

Os fins principais desta Asociación con domicilio social en Paderne, son fomentar o desenvolvemento turístico da comarca, así como cooperar en proxectos comúns coas distintas organización s dos territorios, así coma cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

Compróbase que ten entregada toda a documentación requirida e que está en regra.

A Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”, acorda admitir a esta entidade como socia, incluíndoa na mesa sectorial de TURISMO E HOSTALERÍA, considerando que os obxectivos desta entidade coinciden cos do Grupo de Desenvolvemento Rural.

5.2. CONFRARÍA DE PESCADORES DE MIÑO

Con data 06 de abril de 2011 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude da COFRADÍA DE PESCADORES DE MIÑO, entidade constituída no ano 1999.

Os fins principais desta Confraría con domicilio social en Miño, son orientar ós seus membros sobre a normativa do sector pesqueiro e en particular sobre axudas, subvencións e programas establecidos pola Administración Pública; promover actividades de formación dos profesionais nas actividades referidas á pesca e fomentar o movemento asociativo como instrumento para a execución dos seus obxectivos de ordenación e potenciación do sector.

Compróbase que ten entregada toda a documentación requirida e que está en regra.

A Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”, acorda admitir a esta entidade como socia, incluíndoa na mesa sectorial de PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA, considerando que os obxectivos desta entidade coinciden cos do Grupo de Desenvolvemento Rural.

6. ROGOS E PREGUNTAS

6.1. PRESENTACIÓN DE PROXECTOS DE RÍOS DE LAVAR E FONTES POR PARTE DOS CONCELLOS DE CAMBRE E PADERNE

Os representantes dos Concellos de Cambre e Paderne comunican que presentaran solicitude ao Programa LEADER.

6.2. PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA FEDERACIÓN

As mesas do sector “asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza”; “asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais e anpas” e “asociacións e colectivos xuvenís” da ADR “Mariñas- Betanzos” están traballando na creación dunha Federación de Asociacións.

Os posibles lugares que están barallando para ser sede desta Federación a día de hoxe son:

- Torres de Peito Bordel (Concello de Abegondo)
- A Casa Arrigada (Concello de Cambre)

Na reunión destas Mesas celebrada o pasado mes de marzo, acordaron elaborar Borrador Estatutos e envialos a todas as organizacións asociadas ó GDR para ser consensados entre todas. O representante da Asociación Roxin Roxal coordinará os pasos de creación desta Federación.

6.3. AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.

O pasado 31 de marzo de 2011 saíu publicado no DOG unha convocatoria de subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información.

Nestas axudas poderían desenvolverse eventos de promoción e difusión da sociedade da información. A este respecto, propónse deseñar xornadas e mesas de traballo, cos seguintes obxectivos:

- Analizar as necesidades da poboación ao respecto da involucración dos técnicos das distintas administracións do acceso a internet.
- Identificar problemas no acceso a banda larga. Posibles solucións compartidas.
- Coñecer boas prácticas de acceso a internet no rural: Guifinet; Concello de A Estrada; Concello de San Sadurniño, entre outros.
- Identificar servizos e necesidades ao respecto da administración electrónica.
- Necesidades de formación.

A Xunta Directiva autoriza a que o Equipo Técnico realice os trámites oportunos para solicitar esta subvención, autorizando ó mesmo tempo á Presidencia e Secretaría para representar á Asociación nos trámites.

6.4. A PER LOCA MARÍTIMA

Dende a Asociación Roxín-Roxal queren facer chegar o interese en seguir traballando na posta en valor da Ruta “Per Loca Marítima”.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Bergondo, a 11 de abril de 2011

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes